

**NOTA DE PRENSA 005/23  
30 DE MARZO DE 2023**

**COMEZA O CAMPIONATO GALEGO DE RALLYES EN A CORUÑA**

O Campionato Galego de Rallyes comeza esta fin de semana co Rallye de A Coruña (31 de marzo e 1 de abril), que chega a súa edición número 27 coa Praza de María Pita como emblemático lugar de inicio na xornada do venres.

No parque pechado de saída da proba herculina estarán 113 equipos, que confirman o bo estado de saúde do certame autonómico, que voltará a contar coas fórmulas de promoción habituais, a espera da incorporación doutras novas ao longo da tempada.

Non faltarán os principais candidatos ao título galego, nunha cita coa presenza dun novedoso Citroën C3 WRC e varios vehículos das categorías R5/ Rally 2 e N5, todos eles con opcións de realizar un bo resultado.

Ademáis, as distintas fórmulas de promoción do certame tamén aportarán emoción e competitividade a un rallye que comezará este venres 31 coas verificacións técnicas e posteriormente coa celebración do shakedown na zona de Culleredo.

A noitiña, na Praza de María Pita, saída protocolaria de todos os participantes onde todos os afeccionados están invitados a estar presentes.

Para o sábado, un rallye de catro tramos a dobre pasada con comezo as 08:49 horas e remate en A Coruña pasadas as 20:30 horas.

**Programa horario Rallye A Coruña**

TC1 - Coirós Aranga // 08:41 horas

TC2- Aranga // 09:16 horas

TC3- Coirós Aranga // 12:15 horas

TC4- Aranga // 12:48 horas

TC5- Arteixo Culleredo // 16:51 horas

TC6-Cerceda // 17:29 horas

TC7-Arteixo Culleredo // 19:45 horas

TC8-Cerceda // 20:18 horas